




# PARQUE DO PASATEMPO


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 0,7 km (desde o centro de Betanzos)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** variable



Desde Betanzos, remontando o curso do río Mendo, polo paseo, achegámonos ao parque do Pasatempo, desde o que se accede ao antigo xardín do Pasatempo: un curioso e chamativo conxunto, enciclopédico-temático, de covas, pasadizos, estanques, fontes, unha gran terraza miradoiro (á que as árbores de recente plantación están deixando sen vistas), no que se inclúen representacións de seres, obxectos, lugares e algúns dos feitos e monumentos máis importantes e novidosos do mundo da época (finais do século XIX e comezos do XX).



O Xardín do Pasatempo, o primeiro xardín e parque temático de Galiza, foi mandado construír polos irmáns García Naveira, naturais de Betanzos que fixeran fortuna na Arxentina e investiron parte dela en diversas obras asistenciais e culturais na súa cidade. Contaba na súa orixe con 90.000 m<sup>2</sup> de superficie, dez veces a actual, cunha parte baixa, hoxe desaparecida, o espazo no que se asenta o parque novo, na que había numerosas estatuas de corte clásico e xardíns, e a porta custodiada polos leóns de mármore, que actualmente se atopan na entrada do santuario de Covadonga (Asturias); e a parte que aínda se conserva.

O novidoso parque xardín entrou en decadencia co pasamento dos seus creadores e o seu posterior uso como campo de prisioneiros durante a guerra civil, logo foi partido en dous polo trazado dunha estrada, despois o paso do tempo e a actividade dos amigos do alleo e/ou enemigos do común déronlle os golpes derradeiros e esmoreceu, convertido en leiras e escombreira, ata que, en 1986, foi mercado polo concello para tentar conservar o pouco que quedaba e rehabilitalo. Na actualidade está protexido como BIC e Xardín Histórico.

A pesar de todos os seus avatares, ou precisamente e máis despois de coñecerlos, o espazo aínda conserva atractivo suficiente para que lle dediquemos unha visita na que gozaremos coas numerosas curiosidades que iremos descubrindo mentras o percorremos.



